

TEMA 10.- A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL.

AS RELACIÓNS INTERNACIONAIS NOS ANOS 30.

O abandono do clima de concordia inaugurado en Locarno en 1925 e continuado no pacto Briand-Kellog en 1928, e a ineficacia crecente da Sociedade de Nacións a partir da crise de 1929, levará ó mundo a un **novo conflito mundial, provocado por un clima de progresiva desconfianza e agresividade entre as potencias europeas** e polo establecemento de réximes autoritarios partidarios de políticas militaristas e da expansión territorial (fascismos).

AS CAUSAS DA GUERRA.

Entre as causas da guerra destacan: o fracaso da Sociedade de Nacións, a formación de novas alianzas político-militares e a política agresiva e expansionista dos Estados fascistas.

1) Fracaso da Sociedade de Nacións.- **A crise económica de 1929 e o auxe fascista en Europa acaban coa política de solidariedade internacional da Sociedade de Nacións**, baseada na seguridade colectiva e na integridade e independencia dos Estados fronte calquera agresión ou ameaza exterior. **As accións expansionistas de Italia, Alemaña** (rearme, 1933, servizo militar obrigatorio e reincorporación do Sarre, 1935, e remilitarización de Renania, 1936) **e Xapón, xunto a debilidade dos estados democráticos, incapaces de garantir a paz e sancionar ós agresores, contribuíron ó fracaso deste organismo.**

2) Nova política de alianzas: a creación do Eixe.- A principal novidade foi a **creación nos anos 30 dun eixe italo-alemán e a ruptura destes con Francia**, debido a política de Hitler de revisión do Tratado de Versalles **e con Gran Bretaña** pola conquista de Abisinia en 1935-36 por parte da Italia de Mussolini. **O acercamento entre Hitler e Mussolini, supón a mutua aceptación do reparto do seu particular “espazo vital”** (o Mediterráneo e os Balcáns para Italia e Austria e Europa Oriental para Alemaña) **e a colaboración militar entre ambas** (Guerra civil española, 1936 e Pacto Antikomintern con Xapón, 1937 e Pacto de Aceiro, 1939).

O pacto máis sorprendente é **o tratado de neutralidade de Alemaña coa URSS de Stalin, en agosto de 1939, que ademais conlevaba un acordo segredo para o reparto de Polonia.**

3) As agresións e conquistas militares dos Estados fascistas.- **Tras a intervención na guerra civil española** (campo de experimentación do armamento italiano e alemán), **iniciase a escalada de conflitos provocada polo expansionismo dos Estados fascistas.**

Xapón, ocupa Manchuria tras derrotar a China na guerra de 1931-32 e 1937. **A Alemaña nazi inicia a súa política de ocupación dos territorios considerados “xermánicos”,** anexionándose en 1938 Austria (Anschluss) **e os Sudetes checos, e en 1939 Bohemia-Moravia** (desaparecendo Checoslovaquia), **e o corredor de Dantzig** (Polonia). **Italia ocupa Albania en 1939** para consolidar a súa presenza no Adriático e nos Balcáns.

A debilidade das potencias democráticas, Francia e Gran Bretaña, consentindo a invasión de Checoslovaquia na reunión de Munich (setembro de 1938), **leva o reforzamento da política expansionista alemá,** que tras o Pacto de non Agresión firmado coa URSS, **decide a invasión de**

Polonia. Os gobernos francés e inglés abandoan a súa inútil política de apaciguamento e declaránlle a guerra a Alemaña de Hitler.

A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL.

O conflito bélico iníciase o 1 de setembro de 1939 coa invasión alemá de Polonia, pero ó contrario da 1ª guerra, **os enfrontamentos son a escala mundial, con tres grandes escenarios: Europa, o norte de África e Asia.** Considérase que os países que provocan a guerra son os estados fascistas sobre todo a Alemaña nazi.

AS FASES DA GUERRA.

A 2ª Guerra mundial divídese en dúas grandes etapas: 1ª etapa, entre 1939-42, marcada polo dominio das potencias do Eixe, e 2ª etapa, entre 1943-45, marcada polo declive das potencias do Eixe e a vitoria definitiva dos aliados.

-Os triunfos do Eixe (1939-42).- A etapa inicial da guerra caracterízase pola ocupación de novos territorios polas potencias do Eixe (Alemaña, Italia, Xapón), xunto a firma do tratado de paz entre Alemaña e a URSS, roto en xuño de 1941.

A invasión de Polonia e Finlandia, constitúen as primeiras operacións militares da guerra, nas que o exercito nazi utilizan a táctica da guerra lóstrego (artillería, infantería e bombardeos aéreos). Hitler invade Polonia o 3 de setembro, e chega ata Varsovia en pouco tempo, conquistando Dantzig e Silesia, mentres a URSS se queda coa parte oriental. En novembro, a URSS invade Finlandia quedándose coas súas bases no Báltico.

Na fronte occidental, os alemáns en abril de 1940 conquistan Dinamarca e Noruega, e en maio inician a guerra contra Bélxica e Francia. Os franceses organizan unha fortificación na fronteira franco-alemana, a *“Liña Maginot”*, pero os alemáns utilizan tácticas de guerra moderna, cunha estratexia envolvente e de distracción por Holanda e Bélxica, entrando en forma de cuña pola zona máis debilitada da fronteira con Francia cos tanques e a aviación.

O 15 de maio capitula Holanda, o 22 de xuño Francia, que é dividida en dúas zonas, a zona norte e costeira queda ocupada polos alemáns (incluído París), mentres que a zona interior e sur queda en mans dun goberno francés colaboracionista cos nazis con capital en Vichy, presidido por Petain. Os franceses que se rebelaron contra este goberno títere fuxiron a Inglaterra e desde alí organizaron a resistencia ós nazis, liderados por Charles de Gaulle.

A batalla de Inglaterra, prodúcese tras a caída de Francia, na que Hitler decide conquistar as illas británicas, atopándose coa oposición do primeiro ministro británico Winston Churchill, que pide axuda ós EEUU, e pide os cidadáns nun discurso *“sangue, suor e lágrimas”*, para salvar ó país da invasión nazi.

A aviación alemá (Lutwaffe), dirixida por Goering bombardeou os portos e as cidades inglesas desde xullo de 1940, pero atoparon unha forte resistencia na aviación inglesa e nos medios de detección anticipada (o radar).

A invasión da Europa Oriental e dos Balcáns, resultado do pacto entre Alemaña e a URSS, que permitiu a reordenación de países como Romanía, Bulgaria, Estonia, Letonia e Lituania.

Mussolini, invade Grecia coa axuda dos nazis, e Iugoslavia desaparece como Estado, repartido entre os vencedores. Ante a imposibilidade nazi de doblegar a Inglaterra, Hitler intenta quedarse coas súas bases no Mediterráneo (Xibraltar, Malta e Exipto), para dificultar o comercio coas súas colonias, pero Franco non permite o paso da aviación nazi por España.

A **guerra no Norte de Africa**, iniciada entre italianos e alemáns dirixidos por Rommel, e británicos dirixidos por Montgomery, polo dominio das bases comerciais no Mediterráneo, supuxo a vitoria dos británicos na batalla do Alamein (delta do Nilo), en novembro de 1942, e o replegue dos exércitos do Eixe en Africa.

A **invasión da URSS** (Operación Barba Vermella), en xuño de 1941, supón a ruptura do pacto de neutralidade entre Hitler e Stalin, causada polo intento nazi de quedarse cos recursos naturais (agrícolas, petróleo e gas) da URSS. A rápida entrada dos tanques alemán nas chairas rusas foi freada pola enorme resistencia dos soviéticos, o frío clima (“xeneral inverno”), a táctica soviética de “terra queimada” e as dificultades de abastecemento nun territorio tan grande.

No inverno a fronte soviética estáncase en Moscú e Leningrado, pero na primaveira de 1942, os alemáns diríxense ó sur de Rusia para ocupar a rica zona petrolífera do Caucaso, atopándose cunha feroz resistencia na zona do Volga, en Stalingrado, onde ten lugar a partir de agosto de 1942, unha das batallas máis longas da guerra (6 meses), que rematou coa derrota alemá.

A **guerra no Pacífico**, é a outra guerra paralela a europea. A ocupación da costa leste de Asia e o ataque sorpresa do 7 de decembro de 1941 a base norteamericana de Pearl Harbour, nas illas Hawai, por parte de Xapón, supón a entrada de EEUU na guerra.

Nos primeiros meses de 1942, Xapón conquista todas as illas dos Mares do Sur de Asia (Filipinas, Singapur, Indonesia, Birmania, Nova Guinea...), ata maio de 1942, na que son derrotados polos EEUU nas batallas aeronavais do Mar do Coral e de Midway.

-A vitoria aliada (1943-45).- O ataque alemán a URSS favoreceu o **acercamento entre soviéticos e británicos o que unido a entrada de EEUU na guerra con todo o seu poderío industrial e militar, supuxo un punto de inflexión na evolución e o desenlace da guerra.** Entre finais de 1942 e comezos de 1943, os aliados conseguen as súas primeiras vitorias sobre as tropas do Eixe (Alamein, Stalingrado), iniciando a partir de entón unha ofensiva constante que rematará coa derrota de Alemaña e Xapón en 1945.

A **campaña de Italia**, iníciase trala derrota das tropas do Eixe no Norte de Africa en maio de 1943, mediante o desembarco en Sicilia facilitado pola resistencia italiana a Mussolini, que é destituído en setembro de 1943, aínda que os nazis resisten en Montecassino e devolven o poder ó Duce, pero finalmente o lento avance aliado, apoiado polos partisanos comunistas consegue a ocupación de Roma en xuño de 1944, rematando a guerra en Italia en abril de 1945, tras romper os aliados a fronte dos Apeninos, sendo executado Mussolini polos partisanos cando fuxía cara a Suíza.

Na **fronte do leste**, trala derrota de Stalingrado as tropas alemás teñen que replegarse ante os ataques soviéticos, mentres a aviación anglonorteamericana bombardea e arrasa as cidades de Alemaña, para destruír o equipamento militar e industrial alemán, amedrentar e minar a

capacidade de resistencia da poboación civil e devolver a afrenta causada polos bombardeos nazis de Inglaterra.

O desembarco de Normandía, iniciase o 6 de xuño de 1944 (Día D), dentro da chamada Operación Overlord, dirixida por Eisenhower, na que tropas angloamericanas desembarcan na costa norte de Francia, levando a cabo a operación militar máis importante da historia, que permitiu ós aliados chegar a París en menos de tres meses, expulsando ós alemáns de Francia e Bélxica.

As contraofensivas alemás (Ardenas, envío de bombas voantes contra Londres), non evitaron o avance aliado. Os americanos cruzan o Rin en marzo de 1945, e polo Leste os soviéticos ocupan os Balcáns e axudan a Tito a ocupar Iugoslavia, atravesando Hungría e Polonia e entrando en Berlín antes que os occidentais. O 30 de abril Hitler suicídase no bunker da súa cancellería xunto a súa compañeira Eva Braun e o seu fiel amigo Goebbels, o 4 de maio Alemaña ríndese ós aliados. A guerra remata en Europa.

A fin da guerra no Pacífico, prodúcese a partir de 1943, co avance norteamericano de MacArthur polas illas do Pacífico sur e central ata conquistar Filipinas. A tenaz resistencia xaponesa (kamikazes ou pilotos suicidas), obrigou a bombardear masivamente as cidades e os centros industriais nipóns, para reducir a súa produción bélica, e finalmente o presidente Truman para aforrar vidas humanas decidiu lanzar dúas bombas atómicas o 6 e o 9 de agosto sobre Hiroshima e Nagasaki.

O 8 de agosto os soviéticos declaran a guerra a Xapón, e ocupan Manchuria e as illas Sajalin e Kuriles. O 15 de agosto o emperador xaponés Hirohito aceptou a rendición, que se asinou o 2 de setembro, rematando a 2ª guerra mundial.

AS NOVAS FORMAS DE GUERRA E AS SÚAS CONSECUENCIAS.

A 2ª Guerra mundial foi unha guerra moderna, diferente ás anteriores, na que as máquinas, a propaganda e o sacrificio da poboación civil, foron factores determinantes no seu desenlace. **O resultado final ofrece unhas cifras enormes de mortos (55 millóns) e feridos (35 millóns), e de astronómicas perdas económicas.**

Nesta guerra aparecen **novas armas de enorme eficacia destrutiva** (tanques, vehículos acoirazados), **destacando o uso da aviación** nos bombardeos sobre os exércitos inimigos e poboacións civís, e no transporte de unidades na retaguardia do inimigo (paracaidistas), **ou os portaavións no mar, ademais de lanzachamas, lanchas de desembarco, tanques anfibios, o radar.....**, pero **tamén mudaron as estratexias de combate, como a guerra lóstrego dos alemáns** (ataque de tanques con apoio da aviación).

A propaganda e a censura serviu de motivación as tropas ou de ocultación das derrotas. Neste aspecto **foi moi importante a colaboración ou resistencia da poboación civil**, servindo como exemplo Francia, e o **enfrentamento entre a chamada Francia ocupada** (colaboracionistas) e **a Francia Libre** (resistencia dentro e fora do país). **Nos Estados ocupados** (Croacia, Bélxica, Hungría), **os nazis contaron con líderes fascistas colaboradores que instauraron réximes títere, fronte os que se rebelaron os guerrilleiros** (maquis, partisanos...), **apoiados polos soviéticos ou británicos** con armamento ou axentes para adiestralos,

destacando o caso de Iugoslavia, que foi capaz por si soa de votar ós nazis (partisanos serbios do mariscal Tito).

Os campos de concentración e de exterminio foron unha das máis espantosas experiencias da humanidade. Se fala de **20 millóns de persoas deportadas, de dez millóns de mortos, seis millóns xudeos**, o resto opositores políticos, homosexuais, enfermos mentais, delincuentes ou membros das “razas inferiores” (rusos, ucrainos, xitanos, polacos).

O primeiro campo de concentración , Dachau en Alemaña, foi creado en 1933, pero a partir de 1940 **coa política de Himmler da chamada “solución final”, constrúense por toda a Europa Central e oriental ocupadas polos nazis numerosos campos como Auschwitz, Treblinka ou Mauthausen**, moitos deles preto de fábricas ou canteiras para facer traballar ós prisioneiros ata a súa morte. Ademáis diso **os nazis confiscaban todos os obxectos de valor dos mortos** (xoias, dentes de ouro) e **realizaron experimentos médicos cos prisioneiros máis débiles.**

Rematada a guerra **os xuízos de Nuremberg, condenaron a algúns nazis, pero moitos conseguiron escapar e refuxiarse noutros países** como España ou Latinoamérica.

A ORGANIZACIÓN DA PAZ E AS NACIÓNS UNIDAS.

Ao tempo que se desenvolvía a guerra, e sobre todo no seu tramo final, cando xa se intuía cal iba a ser o seu desenlace, **os aliados comezaron a reunirse para deseñar as liñas básicas para organizar o mundo despois da contenda. Ó igual que no remate da 1ª guerra, decidiron crear un organismo, a Organización das Nacións Unidas (ONU),** que retomase os obxectivos da antiga Sociedade de Nacións.

AS CONFERENCIAS INTERNACIONAIS DE PAZ.

-A Carta do Atlántico (agosto de 1942).- Churchill e Roosevelt, reuníronse en alta mar para precisar a mutua colaboración ante a inminente entrada de EEUU na guerra, recollendo principios básicos para a futura organización da paz como: o desarme, a destrución do nazismo, a colaboración económica, a defensa das liberdades.

A partir de 1942, tras a firma do Pacto de Washington entre EEUU, Gran Bretaña e a URSS contra os países do Eixe, **celebranse varias Conferencias para tratar sobre a evolución da guerra e as futuras condicións de paz** (1943, Casablanca, Teherán; 1944, Moscova; 1945, Ialta e Potsdam), **nas que os tres grandes dirixentes (Roosevelt, Churchill e Stalin), aínda que defendían posicións diverxentes chegan a acordos importantes por razóns prácticas.**

Así Roosevelt, pouco interesado en cuestión territoriais, era partidario de compensar o esforzo bélico da URSS coa entrega de territorios en Europa Oriental, fronte a opinión de Churchill moi receloso do futuro dominio soviético sobre parte de Europa.

-A Conferencia de Ialta (febrero de 1945).- Celebrada na península de Crimea, foi un triunfo para Stalin que conseguiu o recoñecemento dos territorios anexionados en 1939 na Europa Oriental. Ademáis decidiuse a creación da ONU e a restauración da democracia nos países liberados, ademáis do futuro reparto de Alemaña, e o pago das súas reparacións de guerra.

-A Conferencia de Postdam (agosto de 1945).- Celebrada en Berlín, trala derrota nazi, contou con novos líderes, xa que Truman substituíu ó falecido Roosevelt e Atlee a Churchill. **As diferencias entre os tres grandes non impediron chegar a acordos como: o reparto de Alemaña en catro zonas de ocupación polos países vencedores e o seu desarme total.** Austria tamén foi dividida, ó igual que as súas capitais Berlín e Viena.

Ademáis, **modificouse o mapa europeo coas concesións de territorios polacos, alemáns e checos a URSS, restituindo as fronteiras de 1919 nos territorios ocupados polos nazis e os fascistas italianos durante a guerra (Romanía, Bulgaria, Iugoslavia, Albania, Grecia, Hungría), pero non no territorio alemán que perdeu a Prusia Oriental en favor de Polonia.**

Xapón é ocupado polos EEUU (gobierno militar de Mac Arthur), perdendo Manchuria e Corea. En 1947 se firman os tratados de paz cos vencidos excepto con Alemaña, creándose o chamado conflito alemán. **Europa perde definitivamente protagonismo no contexto internacional fronte as dúas superpotencias mundiais.**

AS NACIONS UNIDAS.

A idea de recuperar un organismo internacional encargado de velar pola paz e a seguridade mundial como a Sociedade de Nacións, estivo sempre presente entre os países aliados durante a 2ª Guerra, sendo o seu principal valedor o presidente de EEUU Roosevelt.

Na Conferencia de Washington en 1944, EEUU, a URSS, China e Gran Bretaña, perfilaron a idea do que sería a nova organización internacional, baseada na renovación dos principios da Sociedade de Nacións, pero establecendo o dereito de veto, reservado ás grandes potencias, evitando así a excesiva democratización do anterior organismo.

Na Conferencia de Ialta, convocouse as potencias aliadas a unha reunión internacional en San Francisco en xuño de 1945, a que asistiron representantes de 51 Estados, e **onde foi aprobada a creación da Organización das Nacións Unidas,** na chamada Carta de San Francisco.

Organismos da ONU.

- Asemblea Xeral: **órgano deliberativo pero sen capacidade de decisión,** formado por todos os países membros con dereito a voto. Reúnese ordinariamente unha vez ó ano e extraordinariamente cando o decide o Consello de Seguridade ou a maioría dos seus membros. As decisións importantes tómanse por maioría de dous terzos. **As súas principais funcións son: discutir asuntos relativos a seguridade e a paz internacionais, a aprobación de orzamentos, a admisión ou expulsión dalgún Estado e a elección dos membros rotativos do Consello de Seguridade, e do Secretario Xeral.**
- Consello de Seguridade: **órgano permanente e decisorio con carácter executivo para impor sancións ós países agresores ou empregar a súa forza armada, os Cascos Azuis,** formados polos soldados dos países integrantes e **con misión de interposición, pacificadora. Está formado por 15 membros, dos que 5 son permanentes e teñen dereito de veto** (EEUU, URSS, China, Francia e Gran Bretaña), e os outros son rotativos cada dous anos.
- Secretaría Xeral: **órgano encargado de coordinar e representar a ONU,** encarnado no **Secretario Xeral elixido pola Asemblea.**

- Consello Económico e Social: **órgano encargado de coordinar os asuntos económicos, sociais, culturais, educativos e sanitarios de carácter internacional**, do que dependen numerosos organismos encargados dunha función concreta (UNICEF, UNESCO, FAO, OMS, OIT, FMI, ...).
- Tribunal Internacional de Xustiza: tamén chamado o Tribunal da Haia, é a Corte Suprema de Xustiza da ONU.

A ONU xoga un papel moi importante na defensa dos dereitos individuais das persoas, por iso en 1948 aprobou un documento fundamental para a igualdade do xénero humano, e de referencia obrigada para todos os seus Estados membros: **a Declaración Universal dos Dereitos Humanos**. Ademais **contribuiu ó desenvolvemento da cooperación internacional**, favorecendo os procesos de descolonización nos anos 50 e 60.

Non entanto, **o seu funcionamento está moi condicionado polo dereito de veto das grandes potencias que paraliza as grandes decisións e permite a violación continua dos principios da Carta polos seus membros**, impedindo a eficacia no mantemento da paz e o castigo ós países agresores.